



Convenio entre la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria y la empresa Trimek, S.A., sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o catorce de xullo de dous mil dezaseis coa empresa Trimek, S.A. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Trimek, S.A., concretamente para a instalación do primeiro Centro de precisión Trimek nun centro de formación profesional, concretamente no IES Politécnico de Vigo. Para isto:

- a) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria porá a disposición no IES Politécnico de Vigo a sala de metroloxía, de dimensións aproximadas de 60 m² para a instalación do Centro de precisión Trimek.
- b) A empresa Trimek, S.A. comprométese a dotar ao Centro de precisión Trimek no IES Politécnico de Vigo, de aqueles equipos necesarios para poder desenvolver as actividades previstas; así como tamén farase cargo do seu traslado e instalación, concretamente do seguinte:
 - Instalar un sistema M3 Gage equipado con sensor láser 3D sen contacto OptiScan.
 - O traslado, instalación e posta en marcha de dita máquina.
 - Dotar de 1 licenza M3 compact e 1 licenza M3 tablet.
 - Facilitar as posibilidades de desenvolvemento en formación e proxectos:





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.
2. Na Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.
3. No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas.
4. Que o IES Politécnico de Vigo e a empresa Trimek, S.A. comparten o obxectivo de impulsar unha maior accesibilidade ás competencias en metroloxía por parte do profesorado e do alumnado do IES Politécnico de Vigo, e das persoas traballadoras das empresas do sector industrial. Con este obxectivo e co ánimo de contar con equipos actualizados, que lle permitan mellorar a súa oferta de formación, a formación do seu profesorado e a posibilidade de compartir proxectos, o IES Politécnico de Vigo e a empresa Trimek, S.A. colaborarán para dotar dun Centro de precisión Trimek ao IES Politécnico de Vigo.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

